

## 1. ALGUNHAS CUESTIÓNS METODOLÓXICAS

Reconstruír o elo que cingue o movemento feminista e a literatura infantil e xuvenil non semellaba tarefa doada. Aparentemente, apreciábase unha falta de materiais críticos sobre esta cuestión, á vez que se era consciente de que as actividades dos feminismos se espallaron, na maioría das ocasións, a través de vías específicas de difusión coma poden ser os *fancines*, os folletos, ou publicacións periódicas do movemento. Ademais, a literatura infantil e xuvenil non podía aparecer, primariamente, como un dos ámbitos de interese principais das feministas nestes primeiros tempos porque estaba nunha fase de xestación e porque estas debían atender ás que se entenderon coma as súas reivindicacións fundamentais, entre as que si estaba a coeducación. Por este motivo, para vencellar feminismos e estudos de literatura infantil, optouse por seguir camiños paralelos. Por unha banda, levouse a cabo unha pescuda en dúas bases de datos amplas, a da Rede das Bibliotecas de Galicia e a OPAC da Internationale Jungendbibliothek de Múnic, xa que se entendía que ambas as dúas darían acceso a materiais diverxentes, máis centrados no ámbito galego no primeiro dos casos e dun espectro lingüístico amplo no segundo. Asemade, realizouse o baleirado de cinco publicacións periódicas. Por unha banda, analizáronse tres das publicacións feministas<sup>3</sup> que existiron en Galicia, *A Saia*, *Festa da Palabra Silenciada* e *Andaina*. Á súa análise sumouse a da *Revista Galega de Educación*, fonte importante para observar as accións coeducativas dunha parte importante das mestras e mestres implicados nos movementos de renovación pedagóxica, e *Fadamorgana*, ata hai ben pouco a única publicación periódica de literatura infantil e xuvenil que existía en Galicia. A continuación, detállanse polo miúdo as características destas cinco revistas.

---

3 Outras serían *Area* (1987-1993), impulsada polas Mulleres Nacionalistas Galegas, *Alborada* do Movemento Democrático de Mulleres ou *Donicela* da Coordinadora Feminista de Vigo. Porén, considerouse que *A Saia* e *Festa da Palabra Silenciada* eran significativas polo seu carácter pioneiro e atención ao ámbito literario, respectivamente, e que *Andaina* resultaba fundamental por continuar saíndo do prelo na actualidade.

A. A *Saia*, Boletín do Colectivo Feminista Independente Galego, que publica dous números (un en febreiro de 1982 e outro en xaneiro de 1983) e que se enmarca no feminismo independente e de preocupación nacionalista (Blanco, 1995: 139). Así se describían no editorial da revista:

O COLECTIVO FEMINISTA INDEPENDENTE chámase tamén GALEGO, pois é obvio que o noso entorno e a nosa realidade é GALICIA. O noso grupo está pensado como unha plataforma aberta a todas as mulleres con desexos de dar unha alternativa global e radical, por considerar o Feminismo como unha opción política (Colectivo Feminista Independente Galego, 1982: 1).

Este colectivo estaría formado, segundo Bar Cendón (2010: 85) por mulleres de diferentes grupos universitarios independentes artellados en torno á cidade de Santiago de Compostela. Algunhas das súas integrantes serían Carmen Blanco, Sabela Álvarez, Sabela Mouriz, Carmen Rábade e Dolores R. Seoane. Blanco (1995: 139), partícipe da propia publicación –se ben ela non se autonomea–, engade a estes nomes algúns máis, coma os de Margarita Fernández, Rosa Abreu, Carmen Acebedo, Mercedes Penoucos ou Ánxeles Castiñeiras. O cese da revista tería que ver coa disolución do propio grupo. A pesar de contar unicamente con dous números, considerouse que *A Saia* debía estar recollida nesta análise polo seu carácter pioneiro e por contar con algunha das primeiras achegas á literatura de mulleres dende unha perspectiva feminista en Galicia, como logo se comprobará. *A Saia* é, en boa medida, o precedente da *Festa da Palabra Silenciada*. Isto débese a que, despois da autodisolución do Colectivo Feminista Independente Galego logo de febreiro de 1983, unha parte deste conflúe coas Feministas Independentes Galegas<sup>4</sup> (FIGA), grupo que artellará a nova publicación.

4 De aquí en diante, FIGA. Este colectivo xurdira como resultado do agromar de diferentes posturas no seo do movemento feminista galego e na rede da Asociación Galega da Muller (AGM) e das Asociacións de Mulleres (AM) –cómpre sinalar que existen varias organizacións destas siglas en diferentes lugares de Galicia (Mariño, 2013: 42).

B. *Festa da Palabra Silenciada (FPS)*. Semella que este novo proxecto naceu do que ía ser o terceiro número d'A *Saia*, un monográfico dedicado ás escritoras galegas, pola confluencia de Isabel Mouriz e María Xosé Queizán (Blanco, 1995: 140). Non por acaso, a nova publicación, alén de potenciar o pensamento feminista, estaba moi centrada na promoción das creacións das mulleres dende diversos ámbitos. Porén, a protagonista por antonomasia era a arte literaria, como deixa ver a propia Queizán (1983: 1) nesta sorte de presentación da *FPS*:

A palabra e a escrita son sempre elementos de poder, útiles de marxinação. O don da palabra foi utilizado como arma diferencial e a voz das mulleres foi negada e silenciada ao longo dunha historia masculina.

Para nós é unha festa celebrar o día das letras galegas espallando as nosas palabras, agora recuperadas, incidindo no mundo da cultura. Pero non unha cultura masculina, patrimonio de poucas,

nun mundo que nos desprestixia e nos domina

nun mundo que nos reserva os peores traballos e os máis denigrantes roles

nun mundo que nos anula e nos pecha.

Entre as súas promotoras iniciais, Blanco (1995: 139) sinala, alén das súas dúas impulsoras principais, a Amanda Álvarez, Sabela Álvarez, Isabel Mouriz e Carme Rábade, actuando como colaboradora Camiño Noia e como maquetadora Margarita Ledo. María Xosé Queizán valoraba así, no número 16 da publicación, as achegas desta, volvendo deixar patente que a literatura ocupou un papel central nos obxectivos da revista:

Desde a *Festa da Palabra Silenciada* artellouse un ambicioso proxecto de planificación literaria que debía servir para formar novas lectoras, fomentar a creación feminina, recuperar a historia silenciada, forzar novos valores críticos que permitan avaliar a literatura de mulleres non desde a reclusión e a marxinalidade senón desde a constatación de que lles era negada a palabra e, finalmente, pór a andar un proceso de canonización non hexemónico sustentado no dereito á diferenza (Queizán 2000: 3).

A *FPS* foi unha revista de grande percorrido no tempo, dado que dende a súa creación en 1983 tentou manter unha periodicidade anual, acadando un total de trinta números (o derradeiro é, precisamente, o trixésimo, de 2014). Debido a isto, contou cunha nómina de colaboradoras amplísima e tamén viviu diferentes transformacións: por exemplo, dende o número 10 foi Queizán en exclusiva a directora da revista e a partir do número 14 permitírase tamén que homes comprometidos co feminismo participen na publicación (Bar Cendón, 2010: 88). O “peche” definitivo da publicación semella estar motivado pola falta de persoas que queiran asumir a continuidade do proxecto.

C. *Andaina*, revista xurdida da rede AGM/AM (Blanco, 1995: 137; Mariño, 2013: 48), nacida tamén en 1983, de periodicidade en principio semestral que levaba por subtítulo “Revista do Movemento Feminista Galego”<sup>5</sup>. O seu obxectivo principal era dar voz ás propias participantes do movemento feminista, pero tamén a todas as mulleres, dende unha perspectiva claramente reivindicativa que non esquecía a educación:

Cando todos os días aparecen noticias de mulleres maltratadas e violadas, de abortos mal feitos en malas condicións, e de discriminacións laborais, cando a muller é presentada como mero obxecto consumista e de reclamo sexual na publicidade, e cando dende as escolas se continúa impartindo un ensino discriminatorio, non podemos caer na trampa de que existen cuestións previas e máis importantes que cambiar na sociedade.

Todo proxecto de cambio social que se plantexa como xusto, deberá incluír, dende o principio, tamén a liberación da muller, porque senón, non deixará de ser un engano máis (Andaina, 1983: 2).

A partir de 1991 inicia unha segunda época, baixo un novo sobrenome “Revista Galega de Pensamento Feminista”. No consello de redacción, dirixido por Ana Arellano, estarán Tareixa Navaza, Nanina Santos, Victoria Morales, Anabel Álvarez e Ana Abellá (Blanco, 1995: 137). Lonxe de estar tan centrada na literatura como a *FPS*, esta publicación acollerá reportaxes e artigos

---

5 Nesta primeira época, a revista chegará a tirar vinte e catro números. Co comezo da segunda época, volveranse contabilizar os números dende o 1.

de opinión de todo tipo vencellados co feminismo. No caso concreto da literatura infantil, pola maior amplitude de contidos da revista, esta quedará relegada a recomendacións ou críticas de obras concretas. Non obstante, especialmente nos seus primeiros tempos, o enfoque coeducativo terá –como se comprobará– un peso significativo nas páxinas da revista.

Ademais destas tres revistas feministas, analizouse unha revista de literatura infantil e xuvenil, a única monolingüe en galego ata hai ben pouco<sup>6</sup>, que se presenta a continuación.

D. *Fadamorgana (Revista de Literatura Infantil e Xuvenil)* é unha publicación que nace en abril de 1999. Dirixida polo escritor e xornalista Xosé Antonio Neira Cruz, a revista contaba cun potente consello de redacción formado por Marilar Aleixandre, Xabier Álvarez Cid, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Xosé Vitorio Nogueira, Cristina Nóvoa, Magdalena de Rojas, Pilar Sampedro, Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire. Nun primeiro momento, a súa periodicidade foi cadrimestral (inda que esta foi variando ao longo do tempo) e os seus obxectivos principais quedaban ben claros no seu editorial inicial:

O obxectivo co que a revista nace é fundamentalmente o de encher baleiros e cubrir carencias, tantos ocos abertos que aínda cómpre cubrir. Baleiros, por exemplo, de información entre os encargados de achegar os rapaces á lectura e ao libro, tamén á lingua e a cultura. Baleiros de análise do que se fai ou do que cumpriría facer; baleiros de crítica, tan necesaria que, sen ela, non poderemos dicir nunca que a nosa é unha literatura normalizada; baleiros de estudo e reflexión sobre os camiños que se van trazando e sobre os pasos cos que se van facendo eses camiños. E, sobre todo, baleiros inmensos de presenza, de ser estar cabo das restantes producións literarias. De existir e contar como tales. De deixar de ser invisibles (Neira, 1999b: 5).

Segundo esta declaración de intencións, semella que a publicación tentou, nun primeiro momento canda menos, dirixirse a

---

6 Dende febreiro de 2014, e dende unha perspectiva investigadora, cóntase con *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, dirixida por Blanca Roig, e dende decembro do mesmo ano existe *Criaturas*, coordinada por Leticia Costas e Daniel Landesa, e dirixida fundamentalmente a docentes. As dúas están dispoñibles en liña.

un amplo abano de público, que incluíse tanto os mediadores como as investigadoras en LIX. Artellada en torno a un tema monográfico (que incluía dúas entrevistas, normalmente a unha creadora galega e a un creador foráneo), cun contido moi ben pensado e deseñado –cada revista estaba ilustrada por un artista diferente–, a revista incluíu na súa nómina de colaboradoras e colaboradores habituais a numerosas mulleres<sup>7</sup> (en moitos casos, tamén escritoras, que se animaban así a reflexionar sobre os propios textos literarios). Por isto mesmo, a pesar de non estar deseñada estritamente dende unha óptica feminista, nela obsérvase unha preocupación pola visibilización das creacións de mulleres máis que evidente<sup>8</sup>. O derradeiro número da publicación, o décimosegundo, saíu do prelo nos finais de 2007.

Igualmente, como se comprobou que os movementos de renovación pedagóxica traballaron tamén a prol da coeducación, optouse tamén por baleirar unha revista que fose voceiro, en grande parte, destes grupos de mestras e mestres implicados na procura de melloras substanciais na educación.

E. *Revista Galega de Educación*, que tira o seu primeiro número en 1986, sendo o voceiro de Nova Escola Galega. Esta agrupación constituírase en 1983 na cerna dos movementos de renovación pedagóxica cun interese fundamental por galeguizar o ensino e creada pola confluencia de varios dos grupos de renovación pedagóxica, entre os que estaban o Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega, Albe, Avantar, Lubrican, Xilbarbeira, Escola Dramática Galega, Escola Aberta e Prescolar na Casa. A periodicidade da publicación será trimestral e contará cun amplo consello de redacción, claramente masculino: Manuel Bragado Rodríguez, Manuel Janeiro Casal, Rafael Ojea Pérez, Luis

7 Entre outras (ademais das membros do consello de redacción), Paula Carballeira, Noemí Pazó, Concha Mas, María Jesús Fernández, Ánxela Gracián ou Silvia Gaspar, ás que se unirían críticas e autoras de fóra de Galicia cando o monográfico correspondente así o requiría.

8 Como tamén se pon de relevo, por exemplo, nas entrevistas realizadas, sendo en moitas ocasións as mulleres as protagonistas das mesmas. Alice Vieira (escritora portuguesa cunha produción nidamente feminista), María Elena Walsh, Mariasun Landa, entre as creadoras foráneas, e María Victoria Moreno, Ana María Fernández, Ana María Matute, An Alfaya ou Pura e Dora Vázquez, amosan así o interese por resaltar a autoría feminina.

Otero Gutiérrez e Miguel Vázquez Freire, que estarán apoiados por diferentes corresponsais comarcais. Mercedes Suárez Pazos, como presidenta da Nova Escola Galega, e Antón Costa Rico, como coordinador, sitúan a publicación, na propia presentación desta, no marco da preocupación social que se vive pola educación e como herdeira tanto do grupo de pedagogía Freinet<sup>9</sup> como da revista *As Roladas*<sup>10</sup>. Así, sinalan:

Estamos nun momento crucial, ben para transformar a escola, para simplemente renovala ou ben para mantela dentro do modelo tradicional. Velaí o reto que temos por diante.

A prol da nova realidade, vanse articulando, aos poucos, iniciativas e experiencias, e aí cómpre encadRAR a presente *Revista Galega de Educación*. Saímos á rúa ofrecendo aos lectores un instrumento de comunicación, debate, reflexión e aprendizaxe, para que entre todos, cooperativamente, definamos e construíamos esa “outra escola” necesaria (Suárez e Costa, 1986: 1).

Os valores educativos deste colectivo concréntanse na procura dunha escola que sexa motor da “xustiza, paz e liberdade”, inserida na realidade galega, e que potencie as actividades creativas e crítico-científicas. A pesar de que se incide na capacidade socializadora da educación e no principio de non marxinação que debe rexer a mesma, a igualdade entre os sexos non aparece explicitamente no ideario expresado na editorial da revista. Non obstante, algúns dos artigos atopados nesta permitirán comprobar tanto os vencellos dos colectivos feministas cos de renovación pedagóxica, coma a influencia que o feminismo estaba deixando na escola.

9 Sinálase este como o primeiro grupo estable de renovación pedagóxica en Galicia, que se comezaría a artellar en torno a un encontro de formación baseado na pedagogía Freinet celebrado en Santiago de Compostela en 1975 (para saber máis sobre isto, fundamental é o achegado por Costa Rico 1996b).

10 Refírense aquí á primeira publicación periódica de contido pedagóxico que veu a luz entre 1978 e 1981, moitas veces tamén nomeada *As Roladas-2* e que tomaba ese nome da cabeceira histórica homónima impulsada por Ramón Cabanillas en 1920, nun primeiro intento de fornecer á rapazada dun xornal en galego pensado especialmente para eles. Entre a desaparición d'*As Roladas-2* e o xurdimento da *Revista Galega de Educación*, o suplemento “A Pizarra” do *Faro de Vigo* actuou coma ponte entre ambas publicacións e continuou actuando de medio de comunicación para os e as ensinantes implicados na renovación pedagóxica.